

PROGRAMACIÓN

6º EDUC. INFANTIL

2021-2022

GRUPO CLASE: A aula de 6º de educación infantil está constituída por 14 nenos e nenas. En xeral, todos presentan uns niveis evolutivos adaptados a súa idade, excepto un neno e unha nena.

ÁREA 1: COÑECEMENTO DE SI MISMO E AUTONOMÍA PERSOAL.

Obxectivos:

- Formarse unha imaxe axustada e positiva de si mesmo/a a través da interacción cos outros e da identificación gradual das propias características, posibilidades e limitacións, desenvolvendo sentimentos de autoestima e autonomía persoal.
- Desenvolver progresivamente o coñecemento do esquema corporal, identificando os segmentos que o forman, os elementos únicos e dobres e algúns órganos internos.
- Vivir con pracer a actividade sensomotriz coordinando e controlando cada vez con maior precisión xestos e movementos.
- Afianzar as nocións básicas de orientación no espazo e o tempo e a propia lateralidade.
- Ter unha actitude de respecto cara ás características e calidades dos demais e valoralas sen actitudes de discriminación .
- Progresar na coordinación e control do seu corpo, descubriendo e desenvolvendo, cada vez con máis precisión, a súa percepción sensorial, habilidades manipulativas, estruturas fonadoras e coordinación visual, orientándose e adaptándose ás características do contexto.
- Discriminar as sensacións que pode percibir cos diferentes órganos dos sentidos.
- Iniciarse na identificación dos propios sentimentos, emocións ou preferencias sendo progresivamente capaces de expresalos e comunicalos, respectando, tamén, os dos outros.
- Discriminar as expresións faciais de emocións básicas en si mesmo/a, en imaxes e nos demais.
- Desenvolver estratexias para satisfacer autonomamente as súas necesidades básicas de afecto, de individualización, físicas, de xogo, de exploración e de relación, manifestando satisfacción polos logros alcanzados.
- Realizar, de xeito progresivamente autónomo, actividades habituais e tarefas sinxelas para resolver problemas da vida cotiá, aumentando o sentimento de autoconfianza e a capacidade de iniciativa.

- Continuar a adquisición de hábitos e actitudes relacionados coa seguridade persoal, hixiene, alimentación e o descanso, apreciando e gozando do equilibrio e benestar emocional.
- Comprender a importancia que teñen para a saúde manter unha dieta sa e equilibrada e a actividade física como medio para adquirir valores e nunca con finalidade competitiva.
- Desenvolver actitudes e hábitos sociais para a convivencia como o respecto, o diálogo, a axuda, a negociación e a colaboración.
- Participar en xogos colectivos respectando as regras establecidas e valorándoos como medios de relación social e recursos de ocio e tempo de lecer.
- Participar nos xogos e actividades psicomotoras.
- Mostrar interese cara ás diferentes actividades escolares e actuar con atención e responsabilidade.

CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E INDICADORES DE LOGRO.

Contidos	Criterios de avaliación	Indicadores de logro
<p>-O corpo: características diferenciais: neno/nena.</p> <p>-Os cambios do corpo co paso do tempo.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Coñecer progresivamente o seu corpo, identificando as súas características persoais e diferenciais. • Coñecer diferentes etapas da vida. 	<ul style="list-style-type: none"> • Recoñécese en canto ao sexo. • Nomea algunhas diferenzas entre os nenos e as nenas. • Realiza estimacións na idade das persoas atendendo ao físico. • Conta, de xeito adecuado á idade, como é: louro/a, moreno/a, alto/a, baixo/a, cor dos seus ollos... • Coñece algunhas características diferenciais de persoas doutras razas e culturas.
<p>-Ósos, articulacións e algúns órganos internos: corazón e pulmóns.</p> <p>-O sangue.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Coñecer como é o corpo por dentro, comprendendo a función, as características, a necesidade e a importancia dos ósos, os pulmóns, o corazón, as articulacións e outros elementos. 	<ul style="list-style-type: none"> • Sabe que grazas ao esqueleto nos mantemos de pé. • Coñece que os ósos son duros e que se unen polas articulacións. • Identifica os pulmóns nunha imaxe. • Sabe que o corazón é un órgano moi importante e que nunca para.

<p>-Movimentos e posturas do corpo.</p> <p>-Progresiva coordinación e control</p> <p>-Progresivo control do ton, o equilibrio e a relaxación.</p> <p>-Xogos e actividades psicomotoras.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Coñecer as súas posibilidades e limitacións motoras e controlar progresivamente os seus movementos. 	<ul style="list-style-type: none"> • Adopta diferentes posturas en función da actividade que vai realizar. • Coñece as accións motoras que é capaz de realizar sen axuda e nas que necesita axuda para a súa realización. • Controla de xeito progresivo os seus movementos globais. • Controla a marcha e a parada. • Realiza movementos combinados co corpo. • Goza cos xogos e actividades psicomotoras. • Reláxase despois dun período de actividade intensa.
<p>-Movimentos motores finos.</p> <p>-Mellora na coordinación óculo-manual.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Progresar nas habilidades motoras de carácter fino. 	<ul style="list-style-type: none"> • Realiza trazos e graffas con progresiva precisión. • Utiliza os pequenos instrumentos adecuadamente. • Mellora a realización de actividades que requiren dunha habilidade motora fina.
<p>-Imaxe global de si mesmo/a.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Elaborar unha imaxe axustada e positiva de si mesmo/a. 	<ul style="list-style-type: none"> • Identifica, de xeito adecuado á idade, algunhas calidades e limitacións. • Alégrase cando realiza as actividades e tarefas de forma correcta. • Ten un concepto positivo de si mesmo/a. • Gústalle facer as cousas por si mesmo/a. • Desexa aprender habilidades e destrezas novas.

<p>-Accións relacionadas cos hábitos de hixiene e coas súas rutinas diarias de alimentación, vestido e descanso.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Ser progresivamente autónomo/a nas actividades e rutinas diarias. • Satisfacer as súas necesidades fisiolóxicas sen axuda. 	<ul style="list-style-type: none"> • Realiza as rutinas de hixiene só/soa. • Sabe que debe descansar o suficiente para poder xogar e traballar. • Pon e quita só/soa algunha peza de vestir. • Utiliza adecuadamente os obxectos que necesita para realizar a hixiene dos dentes. • Vai só/soa ao baño. • Sabe que o consumo abusivo de lambetadas é prexudicial para os seus dentes. • Utiliza axeitadamente as papeleiras do colexio atendendo a criterios de reciclaxe. • Contribúe, de xeito adecuado á idade, á limpeza e á orde dos espazos nos que se realizan estas actividades.
<p>-Actividades cotiás: de xogo, de obrigas, de rutinas.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Desenvolverse con autonomía progresiva nas diferentes actividades que realiza. 	<ul style="list-style-type: none"> • Diferencia tempo de traballo de tempo de xogo. • Participa nos xogos cos seus compañeiros e compañeiras. • Comprende as regras que rexen os xogos e respéctaa.
<p>-Hábitos elementais de organización, constancia, atención, iniciativa e esforzo.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Mostrar constancia na realización das actividades e tarefas. 	<ul style="list-style-type: none"> • Adquire progresivamente hábitos de traballo. • Permanece atento/a. • Intenta realizar de novo as tarefas que non sabe. • Está contento/a na clase. • É participativo/a e mostra interese. • Permanece sentado/a naquelas actividades que o requiren.
<p>-Hábitos de traballo en equipo.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Adquirir hábitos de traballo en equipo. 	<ul style="list-style-type: none"> • escoita a opinión das súas compañeiras e compañeiros. • Resolve os pequenos conflitos que se lle presentan por medio do diálogo. • Participa nas actividades grupais.

<p>-Coidado da saúde: exercicio físico e alimentación saudable.</p> <p>-Profesións relacionadas co coidado do corpo e a saúde.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Discriminar situacións favorables e prexudiciais para a saúde. • Recoñecer algúns profesionais que coidan da saúde, valorando o traballo que realizan. 	<ul style="list-style-type: none"> • Sabe que debe comer todo tipo de alimentos. • Comprende que debe facer exercicio físico e non permanecer moito tempo sentado/a fronte á TV. • Distingue alimentos beneficiosos e prexudiciais para a saúde. • Nomea profesións relacionadas co corpo e a saúde. • Móstrase tranquilo/a ante os pequenos accidentes.
<p>-Educación emocional: alegría, tristura, seriedade...</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Identificar, expresar e controlar sentimentos e emocións básicas. 	<ul style="list-style-type: none"> • Identifica as expresións faciais das emocións traballadas en si mesmo/a e nos demais. • Controla de xeito adecuado á idade as súas emocións. • Intenta superarse ante situacións difíciles. • Mostra actitudes xenerosas. • Acepta as demostracións de afecto dos demais.
<p>-Diversidade e tolerancia.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Demostrar actitudes de respecto cara a todas as persoas independentemente das súas características físicas ou pertenza a unha determinada raza. 	<ul style="list-style-type: none"> • É respectuoso/a con todos os compañeiros e compañeiras. • Non discrimina compañeiros ou compañeiras no xogo. • Sabe que hai nenos e nenas con costumes diferentes aos seus.

ÁREA 2: COÑECEMENTO DO ENTORNO (MEDIO FÍSICO, SOCIAL NATURAL E CULTURAL).

Obxectivos:

- Observar e explorar o seu contorno familiar, social e natural, para a planificación e a ordenación da súa acción en función da información recibida ou percibida.
- Relacionarse cos compañeiros, compañeiras e cos adultos do seu contorno próximo, interiorizando progresivamente as pautas de comportamento social e axustando a súa conduta a elas.

- Iniciarse no coñecemento de distintos grupos sociais próximos á súa experiencia, algunhas das súas características, producións culturais, valores e formas de vida, xerando actitudes de amizade, confianza, respecto e aprecio e valorando a importancia da vida en grupo.
- Aceptar a súa propia situación familiar, desenvolvendo actitudes de afecto e cariño cara aos membros da súa familia, coñecendo e valorando as súas normas de convivencia.
- Coñecer distintos tipos de vivenda, actuais e doutras épocas.
- Contribuír, na medida das súas posibilidades, no mantemento da orde e limpeza da súa casa.
- Iniciarse no coñecemento do universo e dalgúns fenómenos naturais.
- Orientarse no tempo atendendo ás estacións do ano.
- Coñecer os beneficios que reportan algúns inventos para o progreso da humanidade.
- Ampliar a curiosidade e o afán por aprender, adquirir fundamentos de pensamento e ampliar o campo de coñecemento para comprender mellor o mundo que o rodea.
- Mostrar interese e curiosidade polos cambios aos que están sometidos os elementos do contorno para identificar algúns factores que inciden neles.
- Coñecer e participar en festas, tradicións e costumes da súa comunidade gozando deles e valorándoos como manifestacións culturais.
- Introducir distintos xogos tradicionais na súa rutina de xogo.
- Iniciarse nas habilidades matemáticas e na súa linguaxe a partir de situacións significativas, manipulando funcionalmente elementos e coleccións, identificando atributos e calidades, e establecendo relacións de agrupamento, clasificación, comparación, seriación, secuenciación, orde, suma, resta, medición e cuantificación.
- Iniciarse no coñecemento dos elementos da serie numérica: direccionalidade, cantidade e grafía.
- Coñecer os nove primeiros ordinais.
- Discriminar cuantificadores básicos.
- Compoñer e descompoñer números.
- Resolver problemas cotiáns utilizando as habilidades matemáticas adquiridas.
- Adquirir nocións espaciais básicas.
- Avanzar no coñecemento das cores e iniciarse na realización de mesturas para obter outras.
- Iniciarse nas operacións aritméticas adición e sustracción.
- Iniciarse na estimación e medida do tempo.

- Coñecer, representar e nomear a partir da observación, descrición, manipulación e xogo, os obxectos da vida cotia con formas xeométricas planas e algunhas de volume.
- Iniciarse na realización e lectura de series sinxelas.
- Coñecer, dun xeito moi sinxelo, algunhas relacións causa-efecto, desenvolvendo o pensamento lóxico.

CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E INDICADORES DE LOGRO.

Contidos	Criterios de avaliación	Indicadores de logro
-As estacións do ano.	<ul style="list-style-type: none"> • Coñecer e nomear algúns dos cambios que se producen no medio coa chegada das diferentes estacións. 	<ul style="list-style-type: none"> • Coñece algunhas condicións climatolóxicas das estacións do ano. • Relaciona pezas de vestir propias do clima. • Nomea algúns alimentos característicos das diferentes estacións. • Sabe que a actividade das persoas cambia nas distintas épocas do ano.
<p>-O colexio: espazos e dependencias, obxectos.</p> <p>-Normas de relación e convivencia.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Coñecer o seu colexio e a súa clase identificando os obxectos característicos, respectando as normas de comportamento e establecendo relacións afectuosas e de tolerancia cos seus compañeiros e compañeiras. 	<ul style="list-style-type: none"> • Utiliza adecuadamente os obxectos. • Desenvólvese con autonomía nas diferentes dependencias da escola. • Sabe que debe gardar quenda para falar. • Cumpre as normas establecidas na clase. • Atende cando o docente fala. • Respecta e utiliza adecuadamente os obxectos propios e os de uso común. • Demostra compañeirismo no traballo en equipo. • Participa no mantemento da limpeza e orde na clase.

<p>-A auga: importancia.</p> <p>-Estados da auga: sólido, líquido e gasoso.</p> <p>-Ciclo da auga.</p> <p>-Coidado da auga.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Dar mostrar de interese pola natureza, comprendendo a importancia da auga para a vida dos seres vivos. 	<ul style="list-style-type: none"> • Sabe que non debe malgastar a auga. • Coñece a importancia da auga para a vida no planeta • Comprende as explicacións sobre o ciclo da auga. • Sabe que podemos encontrar a auga en diferentes estados.
<p>- O espazo: o Sol, a Lúa e as fases lunares, as estrelas, as galaxias, os planetas, asteroides e cometas.</p> <p>-O sistema solar.</p> <p>-Os movementos da Terra.</p> <p>-As naves espaciais e os astronautas.</p> <p>-Fenómenos naturais: volcáns.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Iniciar no coñecemento do espazo, coñecendo algúns dos astros que o constitúen. 	<ul style="list-style-type: none"> • Sabe que o Sol é unha estrela. • Sabe que podemos ver a Lúa con diferentes formas • Diferencia os momentos do día en que pode observar o Sol e a Lúa. • Coñece que as estrelas se agrupan formando constelacións. • Sabe que a Terra é redonda e que se move. • Sabe que ao espazo só poden viaxar os astronautas nas naves espaciais. • Coñece o nome dalgúns planetas. • Sabe por qué se producen os volcáns. • Recoñece as partes dun volcán. • Comprende as consecuencias devastadoras deste fenómeno natural.
<p>-As vivendas, evolución e tipos</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Coñecer distintos tipos de vivendas . 	<ul style="list-style-type: none"> • Sabe cales foron as primeiras vivendas dos seres humanos. • Recoñece diferentes tipos de vivendas según o momento histórico (cova,castro,castelo, rañaceo). • Coñece as diferentes partes dunha casa e as súas funcións. • Comprende a importancia de disfrutar dunha vivenda digna e axeitada.

<p>-Serie numérica: cardinais do 0 ao 20.</p> <p>-Direccionalidade e grafía.</p> <p>-Ordinais do 1º ao 9º.</p> <p>-Ordenación temporal: anterior e posterior, antes e despois.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Identificar e realizar a grafía dos números do 0 ao 10, asociándoos coas cantidades correspondentes e relacionando cada número co seu ordinal. 	<ul style="list-style-type: none"> • Coñece a direccionalidade dos números. • Realiza a grafía dos números traballados. • Asocia os números coas cantidades correspondentes. • Sabe contar ata 10. • Ordena coleccións do 1º ao 9º. • Escribe o anterior e o posterior a un número dado.
<p>-Formas planas: círculo, cadrado, triángulo, rectángulo e rombo.</p> <p>-Figuras xeométricas: óvalo, esfera e cubo.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Identificar e discriminar as figuras planas traballadas, localizando estas formas nos obxectos do seu contorno. 	<ul style="list-style-type: none"> • Sinala obxectos coas formas traballadas. • Nomea obxectos coas formas traballadas. • Realiza de xeito axustado á idade o debuxo de figuras. • Localiza obxectos con forma de esfera e forma cúbica.
<p>-Nocións espaciais: dereita, esquerda, xunto, separado, diante, detrás, primeiro, último, a un lado, a outro lado, entre, no medio...</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Situar e localizar obxectos e a si mesmo/a no espazo atendendo aos contidos traballados. 	<ul style="list-style-type: none"> • Sinala obxectos que se encontran en diferentes situacións espaciais nomeadas • Discrimina a diferenza da noción espacial “entre” e “no medio”. • Localiza obxectos e a si mesmo/a atendendo a criterios traballados. • Realiza clasificacións e agrupacións atendendo a estes criterios traballados.
<p>-Cuantificadores básicos: cheo-baleiro, enteiro-metade, tantos como...</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Discriminar adecuadamente os cuantificadores traballados e realizar clasificacións e agrupacións atendendo a estes. 	<ul style="list-style-type: none"> • Comprende os cuantificadores traballados. • Diferencia se un conxunto ten tantos elementos como outro. • Realiza clasificacións e agrupacións atendendo aos criterios traballados.

<p>-Tamaños e medidas: grande-mediano-pequeno, curto-longo, alto-baixo, ancho-estreito, goso-delgado.</p> <p>-Outros instrumentos de medida: os pés e as mans.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Diferenciar os tamaños traballados. • Realizar estimacións de medida. 	<ul style="list-style-type: none"> • Sinala obxectos e elementos do tamaño nomeado. • Localiza o obxecto mediano nun grupo. • Diferencia obxectos e elementos grosos e delgados. • Sabe se un obxecto ou elemento é ancho ou estreito. • Realiza clasificacións e agrupacións atendendo ás nocións traballadas. • Sabe que podemos medir coas mans e cos pés.
<p>-Propiedades dos obxectos: repaso de cores primarias e algunhas secundarias, aberto-pechado, igual-diferente, recto-curvo, simetría...</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Discriminar as propiedades dos obxectos tendo en conta os contidos traballados. • Obter unha cor mesturando outras. 	<ul style="list-style-type: none"> • Sinala obxectos da cor que lle nomeen. • Nomea obxectos e elementos que sempre son dunha determinada cor. • Sabe como se obteñen as cores secundarias. • Identifica semellanzas e diferenzas en imaxes parecidas e en obxectos. • Discrimina liñas abertas e pechadas. • Completa debuxos atendendo a un eixe de simetría. • Agrupa e clasifica obxectos tendo en conta as propiedades traballadas.
<p>-Series sinxelas.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Realizar diferentes series alternando varios criterios e lelas. 	<ul style="list-style-type: none"> • Pon atención para determinar o criterio que segue unha serie. • Realiza adecuadamente as series propostas.

<p>-Experiencias sinxelas.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Coñecer e establecer relacións sinxelas causa-efecto mediante a manipulación de obxectos e materiais e a través da realización de experiencias sinxelas. 	<ul style="list-style-type: none"> • Pon atención na explicación das diferentes experiencias ou experimentos. • Segue os pasos que debe na realización dos experimentos. • Anticipa posibles resultados. • Comprende os efectos que a manipulación das persoas produce sobre os obxectos e materiais. • Desexa coñecer o porqué de determinados fenómenos.
<p>-Resolución de problemas matemáticos moi sinxelos.</p> <p>-Iniciación á suma.</p> <p>-Iniciación á resta.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Resolver problemas que xurden na súa vida cotiá utilizando os contidos matemáticos aprendidos. • Realizar sumas e restas sinxelas. 	<ul style="list-style-type: none"> • Aplica os coñecementos adquiridos para resolver problemas nos que interveñen o razoamento lóxico e as habilidades matemáticas. • Conta. • Agrupa • Clasifica. • Discrimina. • Suma ata a cantidade 10. • Resolve restas sinxelas.

AREA 3: LINGUAXE, COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN.

Obxectivos:

- Utilizar a lingua como instrumento de comunicación, de representación, aprendizaxe e gozo, de expresión de ideas e sentimentos, e valorar a lingua oral como un medio de relación cos demais e de regulación da convivencia.
- Expresar emocións, sentimentos, desexos e ideas mediante a lingua oral e a través doutras linguaxes, elixindo a que mellor se axuste á intención e á situación.

- Comezar a comprender as intencións e mensaxes doutros nenos, nenas e adultos, adoptando unha actitude positiva cara á lingua, tanto propia coma estranxeira.
- Utilizar e valorar progresivamente a lingua oral para regular a conduta persoal, a convivencia e os procesos de pensamento dos alumnos e alumnas.
- Iniciarse no uso oral dunha lingua estranxeira para comunicarse en actividades dentro da aula, e mostrar interese e gozo ao participar nestes intercambios comunicativos.
- Expresarse cun léxico preciso e adecuado aos ámbitos da súa experiencia, con pronunciación clara e entoación correcta.
- Coñecer e utilizar as distintas normas que rexen as conversacións.
- Comprender, reproducir e recrear algúns textos literarios e de tradición cultural mostrando actitudes de valoración, interese e gozo cara a eles.
- Iniciarse nos usos sociais da lectura e a escritura explorando o seu funcionamento e valorándoas como instrumentos de comunicación, información e gozo.
- Iniciarse na escritura de palabras aplicando unha correcta dirección no trazo e unha posición adecuada ao escribir.
- Iniciarse na lectura comprensiva de palabras e textos sinxelos e motivadores.
- Identificar palabras dentro dunha frase e discriminar auditiva e visualmente os fonemas dunha palabra, en maiúscula.
- escoitar, preguntar, pedir explicacións e aclaracións e aceptar as orientacións dadas polo docente.
- Iniciarse na lectura de imaxes mediante a manipulación de debuxos, carteis, gravados, fotografías, que acompañan os textos escritos, comezando a atribuírlles un significado.
- Iniciarse na exploración e a utilización de materiais, instrumentos e soportes propios da linguaxe escrita.
- Representar, por medio da expresión corporal, contos sinxelos.
- Aprender a observar e valorar a arte nas súas diferentes manifestacións: pintura, escultura e arquitectura, e coñecer datos sinxelos relacionados coa vida e obra dalgúns autores e autoras.
- Coñecer as técnicas básicas da expresión plástica.
- Aplicar hábitos de hixiene e rutinas no uso do material para o desenvolvemento da expresión plástica que faciliten a consecución da autonomía persoal e a colaboración co grupo social ao que pertencen.
- Cantar, escoitar, bailar, interpretar e aprender cancións, bailes e danzas.
- Descubrir as posibilidades expresivas do propio corpo.
- escoitar con pracer e recoñecer fragmentos musicais de diversos estilos.

- Descubrir e identificar as calidades sonoras da voz, do corpo, dos obxectos de uso cotián, dos medios de transporte, de fenómenos atmosféricos..., e dalgúns instrumentos musicais.
- Participar en xogos sonoros, reproducindo grupos de sons con significado, palabras ou textos orais breves na lingua estranxeira.
- Iniciarse no uso de instrumentos tecnolóxicos e valorar a súa capacidade comunicativa para utilizalos progresivamente como fonte de información e aprendizaxe.
- Utilizar o ordenador para acceder ao uso da linguaxe multimedia para mellorar ou reforzar habilidades e coñecementos.

CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E INDICADORES DE LOGRO.

Contidos	Criterios de avaliación	Indicadores de logro
<p>-A linguaxe oral e a necesidade da comunicación.</p> <p>-Ampliación progresiva do vocabulario.</p> <p>-Produción da lingua oral cunha articulación adecuada.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Utilizar a comunicación oral para comunicarse e facerse entender cos seus iguais e co adulto. 	<ul style="list-style-type: none"> • Posúe un léxico adecuado á idade. • Articula e pronuncia de xeito progresivamente correcto • Comunícase oralmente cos demais. • Sabe facerse entender. • Articula as frases adecuadamente. • Progresa o seu nivel de expresión oral. • Expresa os seus desexos, sentimentos, ideas e necesidades. • escoita os demais mentres falan. • Utiliza, de xeito progresivo, frases cunha estrutura gramatical máis complexa. • Utiliza algúns recursos extralingüísticos para facerse entender: xestos, entoación...

<p>-Textos da tradición oral: contos, poesías, trabalinguas...</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Comprender mensaxes e textos transmitidos de forma oral. 	<ul style="list-style-type: none"> • Progresa o seu nivel de comprensión verbal. • Comprende as mensaxes dos seus compañeiros e compañeiras • Comprende os contos. • É capaz de contar coas súas propias palabras o conto que leu o docente. • Permanece atento/a na audición de contos e de historias. • Memoriza rimas e poesías sinxelas. • Participa nos diálogos da clase. • Achega ideas nas conversacións grupais.
<p>-Instrumentos da lingua escrita: ilustracións, carteis, imaxes, etiquetas, fotografías, murais, contos...</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Ler e interpretar imaxes, pictogramas, etiquetas, carteis... 	<ul style="list-style-type: none"> • Responde adecuadamente a preguntas formuladas sobre as imaxes que observa. • Observa, le e interpreta pictogramas e etiquetas. • Comprende a información de carteis.
<p>-Normas que rexen o intercambio lingüístico.</p> <p>-Normas socialmente establecidas.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Coñecer as normas que rexen o intercambio lingüístico e aplicarlas nos seus intercambios orais. 	<ul style="list-style-type: none"> • Respecta a quenda de palabra. • Sabe que debe escoitar os demais nos diálogos da clase ou mentres o docente explica. • Mira a persoa que lle fala. • Solicita as cousas adecuadamente • Saúda cando entra. • Despídese cando sae. • Dálles as grazas aos seus compañeiros, compañeiras e ao docente. • Sabe expresarse nos diferentes contextos nos que se relaciona.

<p>-Iniciación na lectoescritura: lectura de palabras</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Iniciarase nos usos orais da lectura e da escritura, en función do seu nivel madurativo, interesándose polas situacións de lectura e de escritura da aula. • Coñecer recursos gramaticais nas súas producións. 	<ul style="list-style-type: none"> • Goza nas situacións de lectura na clase. • Sabe a direccionalidade correcta da lectura. • Interpreta etiquetas, imaxes, carteis, pictogramas... • Recoñece algunha palabra ou texto moi sinxelo. • Realiza trazos e grafías con progresiva precisión. • Diferencia a grafía dalgunhas letras e números doutros caracteres. • Colle o lapis e senta adecuadamente para escribir. • Oriéntase no espazo gráfico. • Coñece a grafía do seu nome e a dalgunhas letras. • Coida adecuadamente os libros e contos propios e os da clase. • Nomea o singular ou o plural dunha palabra dada. • Realiza adecuadamente a concordancia de xénero e número. • Segue o ritmo silábico dunha palabra con palmadas.
<p>-Realización de descrições sinxelas.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Iniciarase na descrição de elementos moi familiares do seu contorno utilizando progresiva e adecuadamente frases de maior complexidade. 	<ul style="list-style-type: none"> • Describe de xeito moi sinxelo o obxecto, personaxe, animal... que se lle nomea. • Describe situacións, obxectos e elementos que non están presentes.

<p>-Técnicas, materiais, útiles da expresión plástica.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Expresarse e comunicarse utilizando os medios, as técnicas e os materiais da expresión plástica, gozando coa realización das súas producións. 	<ul style="list-style-type: none"> • Desprende, con axuda do docente, os troqueis. • Goza coa realización das fichas de plástica. • É creativo/a nas súas producións. • Coida os materiais e útiles das actividades plásticas. • Goza utilizando diferentes técnicas: estampando as súas pegadas, pintando coas mans, punteando, pegando, utilizando a pintura de dedo, amasando plastilina, pegando boliñas de papel de seda, coloreando, mesturando as cores, experimentando con elas... • Participa nas actividades plásticas realizadas en grupo.
<p>-Posibilidades expresivas do corpo.</p> <p>-Sentimentos e emocións e a súa expresión corporal.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Utilizar as posibilidades expresivas do seu corpo para comunicar sentimentos e emocións, gozando nas actividades de expresión corporal. 	<ul style="list-style-type: none"> • Apóiase na linguaxe corporal para facerse entender. • Participa e goza coas dramatizacións realizadas na clase. • É capaz de xesticular coa cara diferentes emocións. • Segue co corpo diferentes ritmos e melodías. • Controla de xeito progresivo o seu corpo. • Sabe relaxarse despois dunha intensa actividade corporal.

<p>-Linguaxe musical: discriminación de sons relacionados cos contidos traballados, algunhas calidades do son (duración, intensidade...) e coñecemento dalgúns instrumentos musicais.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Desenvolver a discriminación auditiva para identificar diversos sons, diferenciando entre ruído e silencio e coñecendo algunhas propiedades do son. • Comprender que a música é un medio para comunicar sentimentos, ideas... • Memorizar cancións ou parte delas. 	<ul style="list-style-type: none"> • Diferencia entre son e silencio. • Identifica sons. • Coñece os sons que producen determinados fenómenos atmosféricos. • Diferencia entre sons longos e sons curtos. • Aprende a letra dalgunhas cancións. • Goza coa audición dalgunhas obras de autores clásicos. • Discrimina o son producido por algúns instrumentos musicais. • Memoriza algunhas cancións da clase. • Goza coas actividades musicais.
---	--	---

<p>-Medios de comunicación e información: xornais, radio, teléfonos...</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Nomear algún medio de información. 	
<p>-Linguaxe tecnolóxica: achegamento a diversas producións audiovisuais (películas, debuxos animados) e recursos tecnolóxicos (ordenador, TV, encerado dixital...).</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Comprender de xeito adecuado á idade a mensaxe que transmiten os medios tecnolóxicos, sabendo que debe facer un uso supervisado e moderado destes. 	<ul style="list-style-type: none"> • Coñece que na radio e na televisión se pode informar. • Sabe que co ordenador nos podemos comunicar e informar. • Sabe que non debe permanecer moito tempo vendo a TV ou co ordenador. • Sabe acender o ordenador. • Manexa o rato adecuadamente. • Identifica as iconas dalgúns programas informáticos.
<p>-Iniciación no coñecemento e uso de Internet.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Utilizar o ordenador para buscar información. 	

Medidas de atención á diversidade.

A diversidade de intereses, capacidades, motivacións, é un feito. Esta diversidade enriquece a nosa escola onde todos aportamos, todos axudamos e todos somos respectados.

Tentaremos dar una resposta educativa a dita diversidade tendo en conta o Decreto 229/2011. A resposta educativa para atender a esa diversidade desenvólvese de xeito concreto no centro e na aula desde a PXA, o PE e mais concretamente na Programación de aula, e deberá resolverse en función de cada contexto e nun triple ámbito: o curricular, o metodolóxico e o organizativo. Dende o ámbito curricular hai que analizar posibles medidas curriculares que inclúen as de carácter metodolóxico; adecuación de obxectivos,

contidos e avaliación. Dende o ámbito organizativo, as características que favorecen a diversidade son: flexibilidade, funcionalidade, participación e comunicación.

Criterios de atención á diversidade.

Todas e cada unha das actividades a realizar se adaptarán as características e peculiaridades dos nenos/as do grupo-clase. Para atender a diversidade na aula temos que ter en conta:

- Propor actividades que se leven a cabo con distintos tipos de agrupamentos.
- Propor actividades con diversos graos de realización.
- Diseñar actividades diversas para traballar un mesmo contido.
- Propor actividades que permitan diferentes posibilidades de execución.
- Preparar o traballo de forma sinxela, dando a tarefa máis estruturada.
- Facilitar a execución da tarefa ofrecéndolle recursos didácticos necesarios.
- Adecuar a linguaxe segundo o nivel de comprensión dos alumnos/as.
- Seleccionar técnicas e estratexias que sexan útiles para todos os alumnos/as, incluídos os que presentan necesidades educativas especiais.
- Proporcionar os materiais necesarios para a realización das actividades de avaliación en función das características do alumno/a.
- Achegar todo tipo de información ao Departamento de Orientación.
- Proporcionar orientación as familias (pautas de actuación, actividades...).
- Atención individualizada na aula do especialista en P.T. e en A.L.